

RUTAS URBANAS ANIMADAS. Descripción

PARQUE DE SANTA MARGARITA: ESPERTANDO OS SENTIDOS

OBXECTIVOS:

- Descubrir e coñecer o parque de Sta. Margarita e os elementos (especies animais, vexetais, construcións, esculturas, mobiliario urbano...) que se atopan nel, a través da percepción de sensacións auditivas, olfativas, visuais,...
- Observar e explorar o medio natural utilizando o xogo como ferramenta para a adquisición de coñecementos sobre esta contorna natural
- Desenvolver unha actitude de valoración e respecto pola contorna natural e o patrimonio cultural, así como afianzar unha autonomía axeitada para desenvolverse no devandito medio.

DESCRIPCION

Esra ruta permitirá ao alumnado de 2 e 3 anos descubrir e coñecer o Parque de Sta. Margarita como contorna natural e de recreación así os elementos naturais e/ou especies vexetais que o habitan.

O seu olfacto, habilidades e dotes de exploración farán que, mediante a observación, a exploración e a percepción sensorial, entrarán no parque para axudar a “Cascanueces” (o trasgo gardián do parque) a levar a cabo as súas rutinas diarias antes da súa apertura ao público.

Coa axuda destes “miúdos exploradores” e, unha vez finalizado este percorrido, o Parque de Sta. Margarita quedará outra vez a bon recado e conservarase limpo e cheo de vida con todas as especies vexetais e animais que o poboan.

HISTORIAS DE M^a PITA

OBXECTIVOS:

- Coñecer un espacio singular da cidade, onde se rinde tributo a Maria Pita, personaxe histórico que se enfrentou ao exército inglés.
- Xogar cos sentidos para achegarse dunha forma lúdica aos diferentes momentos nos que se desenvolveu a batalla entre o exército coruñés e o inglés.
- Interiorizar valores humanos como a cooperación e a unión do grupo para afrontar os momentos difíciles que se poidan presentar.

DESCRICIÓN

Esta ruta preséntase baixo a estrutura dun “itinerario guiado por estacións”, é dicir, o educador/para será o encargado de levar ao alumnado polas catro estacións e desenvolver con eles as actividades interactivas que se prantexan en cada una delas.

O fío condutor desta ruta é a historia da batalla entre coruñeses e ingleses. En cada estación, segundo a actividade que se vaia a realizar, introducirase unha parte da historia, e cada unha destas estacións sêrvenos para desenvolver diferentes propostas educativas:

1. “O refuxio”, no vestíbulo do Concello. Área: Identidade e autonomía persoal (sensopercepción: vista).
2. “O valor das mans”, nos soportais do Concello. Área: Identidade e autonomía persoal (sensopercepción: tacto)
3. “En alerta”, en Porta de Aires. Área: Identidade e autonomía persoal (sensopercepción: oído)
4. “A unión fai a forza”, na parte central da praza. Área: Identidade e autonomía persoal (coordenadas espacio-temporais: movemento)
5. “Esta é a nosa historia”, arredor da estatua de María Pita. Área: Comunicación e representación (expresión oral e plástica)

A primeira rotación de cada un dos grupos prolongarásese uns 20 minutos pola lectura da carta de Sir Drake ou a historia da batalla.

UN MUSEO AO AIRE LIBRE

OBXECTIVOS:

- Descubrir e coñecer una parte dos Xardíns de Méndez Nuñez, mais concretamente o espacio do “Recheo” así coma os elementos que se atopan nel, facendo fincapé es aspectos arquitectónicos e escultóricos.
- Observar e explorar o medio urbano empregando o xogo como ferramenta para a adquisición de comportamentos cívicos.
- Desenvolver unha actitude de respecto polo mobiliario urbano e o patrimonio artístico que está presente nese espazo de esparcemento.

DESCRICIÓN

Esta ruta preséntase baixo a estrutura dun “itinerario guiado por estacións”, é dicir, o educador/para será o encargado de levar ao alumnado polas catro estacións e desenvolver con eles as **actividades** interactivas no “Recheo” dos xardíns de Méndez Núñez :

1. O arte de escoitar (no palco da música): aprender a diferenciar os sons que provocan os obxectos, a deducir os emisores de son e reproducilos imitando o seu aspecto tímbrico.
2. O arte de observar (arredor de estatua de Curros Enríquez): recoñecer os diferentes obxectos e persoaxes que configuran a estatua de Curros Enríquez
3. O arte de construír (frente ao Kiosko Alfonso): organizar e crear a composición dos tres edificios que existen actualmente neste espazo da cidade
4. o arte de comparar (arredor da estatua de Daniel Carballo): localizar e recoñecer as parellas de imáxes dos diferentes elementos que se atopan nos xardíns e que poseen os participantes

Unha vez realizadas as catro actividades propostas realizarase unha pequena posta en común, onde tratarase de reforzar os contidos máis interesantes da ruta: construción do “Recheo” , primitiva zona de recreo, construcións características...

XARDIN DE SAN CARLOS: MEMORIA DUNHA BATALLA

OBXECTIVOS

- Entrar en contacto con un dos espazos da cidade de referencia histórica (o Xardín de San Carlos), vencellado a un dos episodios máis dramáticos da historia da cidade, a batalla de Elviña.
- Descubrir as diferentes especies arbóreas que están presentes nesta pequena xoia natural da cidade, así como a lenda relacionada coa persona homenaxeada nos propio xardín, Sir John Moore.
- Desenvolver actitudes de respecto e valorar as consecuencias negativas das guerras, a través da observación da recreación da batalla de Elviña no Museo Militar.

DESCRICIÓN

Esta ruta preséntase baixo a estrutura dun “itinerario guiado por estacións”, é dicir, o educador/para será o encargado de levar ao alumnado polas catro estacións e desenvolver con eles as actividades interactivas no Xardín de San Carlos.

Trátase dun percorrido polo romántico Xardín de San Carlos, que lles permitirá descubrir a sorprendente historia que esconde a tumba do xeneral inglés Sir John Moore. Rastrexando estes xardíns, descubriremos a orixe, a historia e o misterio que garda o mausoleo situado sobre a antiga polvoreira da nosa cidade.

Divídese en **dúas actividades** ben diferenciadas, que se desenvolverán en espazos diferentes:

- Xardín de San Carlos: a actividade é un xogo de pistas visuais e prantéxase para descubrir e coñecer a través do xogo e a observación, os diferentes elementos históricos, culturais e botánicos que compoñen o Xardín de San Carlos e que esconden parte do pasado e presente da nosa cidade.
- Museo Militar: a visita ao museo centrarase basicamente na maqueta da Batalla de Elviña, na que fai máis de douscentos anos morreu Sir Jonh Moore. Debido a que o espazo ao redor da maqueta é bastante reducido, un grupo estará a coñecer a historia arredor da maqueta e o outro realizará un xogo de coordinación- cooperación para coñecer os diferentes rangos militares do exército de terra.

TESOUROS DE M^a PITA

OBXECTIVOS:

- Entrar en contacto con un dos espazos emblemáticos da cidade, a Praza de María Pita.
- Descubrir, mediante una proposta lúdica, as múltiples curiosidade que nos presenta este espazo, aproximándose a persoaxes de relevancia na historia coruñesa como María Pita, Gregorio de Rocamonde ou Pedro Barrié de la Maza; e valorando os elementos arquitectónicos da construción máis destacable, O Palacio Municipal.
- Afianzar comportamentos cívicos que debemos ter presentes sempre nun espazo público de tránsito e convivencia coma este.

DESCRIPCIÓN

Esta ruta preséntase baixo a estrutura dun “itinerario guiado por estacións”, é dicir, o educador/para será o encargado de levar ao alumnado nas diferentes estacins é componse de un total de 28 pistas visuais situadas en distintos espazos da praza de M^a Pita e o súa contorna próxima.

Cada unha destas pistas sérvenos para desenvolver diferentes propostas educativas de carácter transversal, de arte (arquitectura e escultura), histórico (biografías e curiosidades) e xeografía.

Cada alumna/o levará un pequeno caderno, que lle servirá de guía para realizar o percorrido, e no que realizará a toma de datos e irá respondendo as preguntas e cuestións que se prantexan a través das 28 pistas.